

NUESTROS POETAS

Serra de Meira

(Especial pra CELTIGA)

Outa serra de Meira decote vixiante,
Saba decote branca do pedregal d-irima.
Niño d-águias é lobos
de pegas é de corvos
berce do craro Miño
que leva tuas areas o bravo mar Atlante.

Na fera encrucillada
dos ventos que te bican
no mais outo coruto
inda fican
as lembranzas da idade pasada.
Oxe volta outra ves o relembro
das belidas Druidesas
de longos cabelos
que oficiaron no Dolmen xigante
da "Pena Gallada"
I-asmella que ainda s-escoitan
de Múrias a Fontes
do Celta barudo
aturuxos fortes
cando en son de loita berrou no teu cume
no meio da calma tranquiá da noite.

Xigantes penedos
de brancura albeira
retortos camiños
da ribeira
dende Graña-Nova o val d-Outariz
indo pr-a Louseira, pr-a Mestre é Sanfiz.

Toxos e carpanzas
froles amarelas é froles bermellas
dónde depenicán
as cabras i-ovellas
é nas craras mañans soleadas
van zuchar o seu mel as abellas.

Fontes é regueiros
que semellan ser cobras de prata
baixan bulideiros
a traguel-a friaxe que mata
a sede os viaxeiros.
Outa serra vixiante
escadeira que rubes pr-o ceio
n-un pulb xigante
c-o desείο
de chegar os pés de Deus.

Iñoradas Druidesas
as que ninguen coñeceu
no altar dos meus amores
ofician o rito teu.
No altar sagredo das miñas espranzas
No tempo calado dos relembros meus.

Avelino DIAZ

Dorna

Pra CELTIGA

Caeú a lua n-as auguas
i-a dorna,
que vai pescar,
esnaquizóuna na noite
com-a si fora un cristal.
Bogan os homes da dorna
i-o monocorde choupar
dos remos,

sobor da yaugua,
énchese de craridá.
As estrelíñas,
no ceo,
dánse tolas a brilar...
Comenza a choover.

Na dorna
vótan a rede no mar.
Y-e cada peixe enmallado
comunh-a estrela a brilar.

Julio Sigüenza.

Coita

(Especial pra CELTIGA)

I

Cando, fai anos, marchou
todos lle tiñan envexa.
Sua nai soiña quedou
i-a decotío na eirexa
por aquel fillo pregou.

II

Loitando por conquistar
acougo e felicidade
tivo moito que sufrir
i-as poutas da enfermidade
non-o deixaron vivir.

III

Na rúa pedindo esmola,
feita un novelo, unha vella,
láíase que desconsola
i-os mozos algo aconsella
si algún con ela parola.

Robustiano CISNEROS.

EPIGRAMAS

(Pra "CELTIGA")

Furgaba Tenorio Mier
das ánimas na boeta,
por mor de algunha peseta
que dentro poidera haber.
—¿Ti que fas ahí, Tenorio?
Dixolle o abade a tal ver:
—Señor abade, eu rezaba
para ver si así sacaba
unha alma do purgatorio.

Cun sabroso acío caíño
i un talizo de centeo
merendaba Johana Arceo
no parral do seu muiño.
Mariño, que a sua veira
ja dou mais voltas que un veo,
plantado ao pe dun esteo
dille en fala solermeira:
—¿Non me das un bago, Johana?
—Vai de ahí, vai, vaite de ahí,
dábacho de boa gana;
mais pr'a vago abondas tí.

Nas sombras brila unha luz,
e na luz a névoa mora;
nun pazo de névoa e luz,
quen me acena e me enamora.
Canto fai que te eu procuro,
saudosa, en doces saudades,
i á cata dos teus ronseles
vou perdido en longedades.
¡Ai se un lampo me guiara
pola rua dunha estrela!
¡Ai se a noite me levara
nun abrete cabo de ela!

V I T O R I A N O T A I B O